



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural
Montes e Vales Orientais
Avda. Doutor Escobar s/n. Casa do Concello
27130 Baleira
Lugo

Asunto: Remisión da copia da resolución pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Achégase copia da resolución citada no encabezamento, referida á aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como das limitacións sectoriais, correspondente á Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR “Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais”, seleccionada polo Acordo do Conselle de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

galicia



Presidente do "GDR3-Montes e Vales Orientais" José Fernández Fernández

*Avda. Doutor Escobar s/n. Casa do Concello
27130 Baleira
Lugo*

RESOLUCIÓN pola que se aproban os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procede á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 26 de xaneiro de 2017. A versión consolidada dos mesmos xúntase a esta resolución como anexo I.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítase esta RESOLUCIÓN pola que se aproban as normas de xestión da estratexia que figuran como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.



ANEXO I



BAREMOS, LIMITACIONES SECTORIAIS E ANEXO:TÁBOAS



**ASOCIACION MONTES E VALES
ORIENTAIS – GDR3**



BAREMO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS

1º. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos

Criterios excluíntes, os proxectos que non os cumpran non pasan á fase de aplicación do baremo:

- Viabilidade: ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos
- Adecuación do proxecto á estratexia de desenvolvemento local definida.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalistas: na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista

2º. Baremo de puntuación de proxectos

A.- Criterios para proxectos produtivos.

Establecerase unha puntuación máxima de 100 puntos.

Os criterios fan referencia ao impacto do proxecto, ao seu carácter innovador, á utilización de factores produtivos da zona, á igualdade de oportunidades e á incidencia sobre a creación de emprego. A continuación desglosanse cada un dos criterios, establecendo a puntuación máxima que poden obter.

- 1. CRITERIO DE LOCALIZACION.** Para estimular o xurdimento de novas iniciativas en zonas nas que non existe un recurso poboacional importante. Tamén se pretende favorecer os proxectos emprazados en zonas de protección dos recursos naturais para compensar as dificultades engadidas derivadas do cumprimento normativo.



1. Localización do proxecto	
CRITERIOS	MAXIMO
1.1 Taxa de evolución interanual da poboación da parroquia (1)	Ata 5 Pts
1.2 Proxectos que se desenvolvan en lugares REDE NATURA	5 Pts
1.3 Taxa de envellecemento da poboación (2)	Ata 5 Pts
Puntuación máxima neste apartado	15 Pts

(1) Calculada cos datos do INE (*INE base/ nomenclátor: poboación do Padrón continuo por entidades colectivas*) **Censo de poboación en 2001 e censo de poboación en 2015** e segundo a fórmula

$$\text{Taxa} = \frac{\text{Poboación actual} - \text{poboación en 2001}}{\text{Poboación en 2001}} \times 100$$

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

- > *Parroquias cunha caída de poboación igual o superior ó 30 %: 5 puntos.*
- > *Parroquias cunha caída de poboación igual ou maior ó 20 % e menor do 30 %: 4 puntos.*
- > *Parroquias cunha caída de poboación igual ou maior ó 10 % e menor do 20 %: 3 puntos.*
- > *Parroquias con caída de poboación menor do 10 %: 2 puntos.*
- > *Parroquias con caída de poboación igual ou menor ó 25 %: 1 punto.*

Anexo A.- Táboas de taxas parroquiais por concello

(2) (porcentaxe de poboación >65 anos), segundo datos do IGE para o ano 2015

$$\text{Taxa} = \frac{\text{Poboación} > 65 \text{ años}}{\text{Poboación total}} \times 100$$

Ata un máximo de 5 puntos, de acordo cos seguintes tramos:

- > *Parroquias con una taxa de envellecemento igual ou superior ó 50 %: 5 puntos.*
- > *Parroquias con una taxa de envellecemento inferior ó 50% e igual ou superior ó 40 %: 4 puntos.*
- > *Parroquias con una taxa de envellecemento inferior ó 40 % e igual ou superior ó 30 %: 3 puntos.*
- > *Parroquias con una taxa de envellecemento inferior ó 30 % e igual ou superior ó 20 %: 1 punto.*



A puntuación resultante verase corrixida polo seguinte índice

- *Proxectos localizados en entidades singulares de poboación de máis de 500 habitantes: - 1,5 puntos.*
- *Proxectos localizados en entidades singulares de poboación de menos de 500 habitantes e máis de 250: - 1 puntos.*
- *Proxectos localizados en entidades singulares de poboación de menos de 250 habitantes e máis de 100: - 0,5 puntos.*

Anexo B.- Táboas de taxas parroquiais por concello

2. CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO. O carácter innovador non implica só as innovacións tecnolóxicas, senón tamén aquelas transformacións que se dan en relación á maneira de facer as cousas, isto é, nos procesos.

2. Carácter innovador do proxecto	
CRITERIOS	MAXIMO
2.1 Actividade innovadora, que aporta novos produtos ou servizos locais (*)	5 puntos
2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC	5 puntos
Puntuación máxima neste apartado	10 puntos

(*) verificarase a existencia ou non da actividade con informes municipais sobre as actividades económicas.

2.1 Actividade innovadora:

- *Os produtos ou servizos que se ofertarán non existen a nivel de entidade singular, 1 punto*
- *Os produtos ou servizos que se ofertarán non existen a nivel de parroquia, 2,5 punto*
- *Os produtos ou servizos que se ofertarán non existen a nivel de municipio, 4 puntos*
- *Os produtos ou servizos que se ofertarán non existen a nivel de territorio do GDR, 5 puntos*



2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC

Valorase en función da porcentaxe que supoña este investimento sobre o custo total do proxecto subvencionable.

- *Mais dun 7%, e menos dun 15% , 1 punto*
- *15% ou mais, e menos dun 25%, 2 puntos*
- *25% ou mais, e menos dun 35%, 3 puntos*
- *35 % ou mais, e menos dun 45%, 4 puntos*
- *45 % ou mais, 5 puntos*

3. UTILIZACIÓN DE FACTORES PRODUTIVOS DA ZONA

Teranse en conta dous criterios: que os recursos humanos sexan da zona, e que os inputs (recursos materiais) sexan tamén adquiridos a empresas e entidades da zona

3. Utilización de factores produtivos da zona	
CRITERIOS	MAXIMO
3.1 Utilización de recursos humanos do territorio ⁽¹⁾ ⁽²⁾	Ata 5 Pts
3.2 Utilización de inputs procedentes de empresas do territorio ⁽³⁾	Ata 5 Pts
Puntuación máxima neste apartado	10 puntos

⁽¹⁾ As UTAs serán valorables cando acaden como mínimo un 0,25.

⁽²⁾ Mídense as UTAs empregadas na execución do proxecto, que correspondan a persoas empadroadas no territorio.

⁽³⁾ Mídese o grao de utilización de empresas locais (con sede nalgún concello do territorio), na execución do proxecto, mediante a porcentaxe que supón o uso de inputs de empresas locais sobre a inversión subvencionable.

3.1 Utilización de recursos humanos do territorio; para a execución do proxecto empreganse traballadores do territorio.

- *A totalidade dos traballadores son do territorio do GDR, 5 puntos*
- *O 50% ou máis, dos traballadores son do territorio do GDR, 2,5 puntos*
- *O 20% ou máis dos traballadores son do territorio do GDR, 1 punto*

3.2 Utilización de inputs procedentes de empresas do territorio

- *10% ou mais, e menos dun 20% , 1 punto*
- *20% ou mais, e menos dun 40%, 2 puntos*
- *40% ou mais e menos dun 60%, 3 puntos*



- 60% ou mais e menos dun 80%, 4 puntos
- 80% ou mais, 5 puntos

4. TIPOLOXIA DO PROMOTOR; valoraranse os proxectos que sexan postos en marcha por xente xoven ou mulleres, tratase dunha discriminación positiva que pretende animar a mulleres e xoves a vincularse ó territorio

4. Tipoloxía do promotor	
CRITERIOS	MAXIMO
4.1 Proxectos promovidos por mulleres ou persoas xurídicas cuxos socios sexan mulleres	7,5 Pts
4.2 Proxectos promovidos por menores de 35 anos ou por persoas desempregadas maiores de 55 anos, ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen aos colectivos referidos nun porcentaxe igual o superior al 50 % del capital social: 7,5 puntos. ⁽¹⁾	7,5 Pts
4.3 Proxectos promovidos por persoas con discapacidade ou persoas xurídicas cuxos titulares sexan persoas con discapacidade nun porcentaxe igual ou superior al 50 % de su capital social: 7,5 puntos. ⁽²⁾	7,5 Pts
4.4 Proxectos promovidos por promotores que non teñan recibido axudas de AGADER nos últimos 5 anos.	Ata 7 Puntos
4.5 Formación específica do promotor vinculada ó proxecto a desenvolver:	3 puntos.
Puntuación máxima neste apartado	25 puntos

⁽¹⁾ Puntuarase a condición de persoa desempregada, cando se acredite como mínimo unha antigüidade de 6 meses como demandante de emprego, inscrito nos servizos oficiais.

⁽²⁾ Puntuarase a condición de persoa discapacitada, cando se aporte o certificado de recoñecemento dun grado de discapacidade do 33% ou superior.

4.1 Proxectos promovidos por mulleres ou persoas xurídicas cuxos socios sexan mulleres.

Mídese o grao de implicación das mulleres na titularidade de proxectos de acordo ós seguintes tramos:

- A porcentaxe de mulleres socias ou titulares do proxecto é do 100%, 7,5 puntos



- *A porcentaxe de mulleres socias ou titulares do proxecto é do 65% ou superior , 6 puntos*
- *A porcentaxe de mulleres socias ou titulares do proxecto é do 50% ou superior , 5 puntos*
- *A porcentaxe de mulleres socias ou titulares do proxecto é do 25% ou superior , 2,5 puntos*

4.2 Proxectos promovidos por menores de 35 anos ou por persoas desempregadas maiores de 55 anos, ou persoas xurídicas cuxos titulares pertencen aos colectivos referidos

Mídese o grao de implicación dos xoves e das persoas desempregadas maiores de 55 anos na titularidade de proxectos de acordo ós seguintes tramos:

- *A porcentaxe de xóvenes ou das persoas desempregadas maiores de 55 anos socias ou titulares do proxecto é do 100%, 7,5 puntos*
- *A porcentaxe de xóvenes ou das persoas desempregadas maiores de 55 anos socias ou titulares do proxecto é do 65% ou superior , 6 puntos*
- *A porcentaxe de xóvenes ou das persoas desempregadas maiores de 55 anos socias ou titulares do proxecto é do 50% ou superior , 5 puntos*
- *A porcentaxe de xóvenes ou das persoas desempregadas maiores de 55 anos socias ou titulares do proxecto é do 25% ou superior , 2,5 puntos*

4.3 Proxectos promovidos por persoas con discapacidade ou persoas xurídicas cuxos titulares sexan persoas con discapacidade.

Mídese o grao de implicación das persoas con discapacidades na titularidade de proxectos de acordo ós seguintes tramos:

- *A porcentaxe de persoas con discapacidades socias ou titulares do proxecto é do 100%, 7,5 puntos*
- *A porcentaxe de persoas con discapacidades socias ou titulares do proxecto é do 65% ou superior , 6 puntos*



- *A porcentaxe de persoas con discapacidades sociais ou titulares do proxecto é do 50% ou superior , 5 puntos*
- *A porcentaxe de persoas con discapacidades sociais ou titulares do proxecto é do 25% ou superior , 2,5 puntos*

4.4 Proxectos promovidos por promotores que non teñan recibido axudas de AGADER nos últimos 5 anos.

- *Axudas acumuladas por importe superior a 100.000€: 0 puntos*
- *Axudas acumuladas de 50.000€ ou mais, e menos de 100.000 €: 1 punto*
- *Axudas acumuladas de 25.000€ ou mais, e menos de 50.000 €: 2 puntos*
- *Axudas acumuladas de 15.000€ ou mais, e menos de 25.000 €: 3 puntos*
- *Axudas acumuladas de 5.000€ ou mais, e menos de 15.000€: 4,5 puntos*
- *Axuda acumuladas de 2.000€ ou mais, e menos de 5.000 €: 6 puntos*
- *Axudas acumuladas de menos de 2.000 € : 7 puntos*

4.5 Formación específica do promotor vinculada ó proxecto a desenvolver:

- *Acredita titulación oficial ou experiencia mínima de 2 anos de traballo no sector vinculado ó proxecto, 3 puntos.*
- *Acredita titulación oficial ou experiencia mínima de 1 ano de traballo no sector vinculado ó proxecto, 2 puntos.*
- *Acredita cursos de formación vinculados á temática do proxecto, 1 punto.*

5. CRITERIO DE EMPREGO

Incidencia sobre o emprego, a creación de emprego e a fixación de poboación no territorio é un dos factores clave na EDLP e por tanto debe ter un reflexo nos baremos de puntuación de proxectos

⁽¹⁾ As UTAs serán valorables cando acaden como mínimo un 0,25.

⁽²⁾ Puntuarase a condición de persoa desempregada, cando se acredite como mínimo unha antigüidade de 6 meses como demandante de emprego, inscrito nos servizos oficiais.

⁽³⁾ Puntuarase a condición de persoa discapacitada, cando se aporte o certificado de recoñecemento dun grado de discapacidade do 33% ou superior.



5. Incidencia sobre a creación de emprego	
CRITERIOS	MAXIMO
5.1 Por cada emprego creado, equivalente a unha UTA (unidade de traballo anual), 2,5 puntos, hasta un máximo de 10 puntos. As fraccións de UTA computarán de maneira proporcional. ⁽¹⁾	Ata 10 Pts
5.2 Ratio inversión elixible/emprego creado. ⁽¹⁾	Ata 10 Pts
5.3 Creación de emprego beneficia a algún dos seguintes colectivos: mulleres, menores de 35 anos, desempregados maiores de 55 anos ou persoas con discapacidade. ⁽²⁾ ⁽³⁾	5 puntos
Puntuación máxima neste apartado	25 puntos

5.2 *Ratio inversión elixible/emprego creado. Mídese o emprego creado polo proxecto en UTAs, de acordo ós seguintes tramos:*

- *Ratio inferior a 1 emprego/50.000 € de inversión: 10 puntos.*
- *Ratio igual ou superior a 1/50.000 € e inferior a 1/ 90.000 € de inversión: 6 puntos.*
- *Ratio igual ou superior 1/90.000 e inferior a 1/130.000 € de inversión: 4 puntos.*
- *Ratio superior a 1/130.000 € de inversión: 2 puntos*

5.3 Creación de emprego beneficia a algún dos seguintes colectivos: mulleres, menores de 35 anos, desempregados maiores de 55 anos ou persoas con discapacidade

- *O 100 % dos empregos creados ocúpense por xente dos colectivos definidos: 5 puntos.*
- *O 50% ou mais, e menos do 100% dos empregos creados, ocúpense por xente dos colectivos definidos: 3 puntos.*
- *O 25 % ou mais, e menos do 50% dos empregos creados, ocúpense por xente dos colectivos definidos : 1 punto*



6. CRITERIO DE IMPACTO NOS SECTORES ESTRATEXICOS

Impacto sobre os principais sectores do territorio; a EDLP definiu os principais sectores nos que se considera que deben concorrer máis a incidencia das axudas LEADER.

5. Incidencia sobre os sectores estratéxicos	
CRITERIOS	MAXIMO
6.1 Proxectos de actividades vinculadas ó sector agrogandeiro e dos montes	Ata 5 Pts
6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento de produtos agroalimentarios de calidade	Ata 10 Pts
6.3 Proxectos vinculados á xeración de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos	Ata 5 Ptos.
Puntuación máxima neste apartado	15 Pts

6.1 Proxectos de actividades vinculadas ó sector agrogandeiro, agroforestal e os produtos dos montes

- *Proxectos de carácter asociativo (SATs, cooperativas, comunidades de montes e outras formulas de traballo asociado):*

2 socios/as, 1 punto

3 socios/as, 2 puntos

4 socios/as, 3 puntos

5 socios/as, 4 puntos

mais de 5 socios/as, 5 puntos

- *Proxectos que, desarrollándose para xerar novas explotacións complementarias, poñan en valor terreos abandonados(*)*

() considerase terreo abandonado aquela finca que non está vinculada a ningunha actividade económica ou, que presenta un estado verificable de non existencia de actividade agrícola gandeira ou forestal.*

Terreos limítrofes con vivendas, 5 puntos

Terreos situados a unha distancia en liña recta dende a vivenda máis próxima de ata 100 metros, 4 puntos

Terreos situados a unha distancia en liña recta dende a vivenda máis próxima de mais de 100 metros e ata 200, 3 puntos



Terreos situados a unha distancia en liña recta dende a vivenda máis próxima de mais de 200 metros e ata 500, 2 puntos

Terreos situados a unha distancia en liña recta dende a vivenda máis próxima de mais de 500 metros, 1 punto

- Proxectos que se desenvolven para facer máis viables as explotacións agroganderías e forestais.

Proxectos de venda de produtos artesanais e agroturismo, 5 puntos

Proxectos que melloren entornos de explotacións e/ou pobos, 4 puntos

Proxectos que poñan en valor saberes tradicionais, patrimonio natural e cultural, 3 puntos

Proxectos de servizos á poboación, 2 puntos

Outros proxectos de diversificación da actividade das explotacións, 1 punto

6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento de produtos agroalimentarios de calidade

- Proxectos de carácter asociativo (SATs, cooperativas, comunidades de montes e outras formulas de traballo asociado), e que contribúan a consolidar marcas de calidade do territorio

2 socios/as, 2 puntos

3 socios/as, 4 puntos

4 socios/as, 6 puntos

5 socios/as, 8 puntos

mais de 5 socios/as, 10 puntos

- Proxectos que se desenvolven para xerar novos produtos vinculados a recursos alimentarios do territorio:

Proxectos de produción primaria, 2 puntos

Proxectos de clasificación e embalaxe, 5 puntos

Proxectos de primeira ou sucesivas transformacións, 10 puntos



- *Proxectos que se desenvolvan para mellorar a industria alimentaria do territorio*
 - Ampliación de industrias existentes 2 puntos*
 - Modernización de industrias existentes, 5 puntos*
 - Creación de novas industrias alimentarias, 10 puntos*

6.3 Proxectos vinculados á xeración de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos

- *Proxectos que xeneren actividades para ofertar ós turistas que visiten o territorio, 5 puntos*
- *Proxectos que desenvolva un establecemento para xenerar oferta complementaria propia de ocio e actividades: 4 puntos*
- *Proxectos que se desenvolvan para mellorar establecementos turísticos do territorio: 3 puntos*

CRITERIOS DE DESEMPATE

No caso de empate, terá prioridade o proxecto que teña acadado máis puntuación no criterio 5 do baremo (incidencia sobre a creación de emprego) e, de persistir o empate, atenderase á puntuación acadada no criterio 1 (localización do proxecto). Si aínda así persiste o empate, primará a data de presentación da solicitude no rexistro do GDR3.



B.-. Criterios para proxectos non produtivos

Establecerase unha puntuación máxima de 100 puntos.

No baremo de proxectos non produtivos distinguiranse 3 categorías:

- Proxectos non produtivos de prioridade alta, cunha porcentaxe máxima do 90% de axuda.
- Proxectos non produtivos de prioridade media, cunha porcentaxe máxima do 70% de axuda.
- Proxectos non produtivos de prioridade baixa, cunha porcentaxe máxima do 50% de axuda.

Impacto do proxecto. Terase en conta o volume de poboación beneficiada polo proxecto e a súa incidencia sobre a mellora da calidade de vida das persoas. Valorarase a potencialidade do proxecto para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego na zona. Valoraranse os aspectos do proxecto que incidan positivamente no medioambiente ou contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais do territorio. Valorarase a utilización sustentable de recursos endóxenos e contribución a favorecer a mellora de hábitats así como a incidencia do proxecto sobre colectivos desfavorecidos.

1. Impacto do proxecto	
CRITERIOS	MAXIMO
1.1 Proxectos de mellora do entorno, dos valores ambientais e de rehabilitación de pobos (1)	10 puntos
1.2 Proxectos con potencialidade para apoiar o xurdimento de iniciativas empresariais(2)	5 puntos
1.3 Incidencia nos colectivos desfavorecidos(3)	Ata 5 Pts
Puntuación máxima neste apartado	20 Pts

(1) O valor ambiental, paisaxístico, etnográfico, etc. virá acreditado pola existencia de figuras de protección de valores ou por informe municipal

(2) Considerase proxectos con potencialidade aqueles que promovan as entidades públicas ou sociais para axudar a crear estruturas de venda de produtos, que promocionen valores do territorio e que axuden a crear e difundir a imaxe do territorio.



(3) *Considéranse os colectivos desfavorecidos con meirande incidencia na zona, os xóvenes sin formación, parados de longa duración, persoas anciáns ou con discapacidades e outros recoñecidos pola administración.*

1.1 Proxectos de mellora do entorno, dos valores ambientais e de rehabilitación de pobos

- *Proxectos dirixidos a mellorar a estética e a habitabilidade das entidades singulares de poboación , recuperando elementos tradicionais como muros, fontes, etc; 10 puntos*
- *Proxectos de recuperación de entornos de valor ambiental paisaxístico, arquitectónico, etnográfico, etc 8 puntos*
- *Proxectos de mellora de entornos singulares ; 5 puntos*

1.2 Proxectos con potencialidade para apoiar o xurdimento de iniciativas empresariais

- *Proxectos de posta en marcha de iniciativas promocionais do territorio, ou plataformas de apoio ós produtos do territorio, de xeito agrupado entre municipios ou entidades; 5 puntos.*

- *Proxectos de posta en marcha de iniciativas promocionais do territorio ou plataformas de apoio ós produtos do territorio, de modo individual; 2,5 puntos.*

1.3 Incidencia nos colectivos desfavorecidos

- *Proxectos dirixidos a crear estruturas de integración social de persoas de colectivos desfavorecidos; 5 puntos*
- *Proxectos dirixidos a prestar servizos específicos a persoas de colectivos desfavorecidos; 2,5 puntos*

Carácter innovador do proxecto. O carácter innovador non implica só as innovacións tecnolóxicas, senón tamén aquelas transformacións que se dan en relación á maneira de facer as cousas, isto é, nos procesos. Revisaranse os seguintes factores: a aparición de novos produtos ou servizos que incorporen trazos específicos locais e se adapten ás necesidades do territorio, a utilización de enerxías renovables tanto en infraestruturas como en equipamentos ou bens de equipo, e/ou a incorporación de tecnoloxías da información e a



comunicación (TIC) no conxunto de procesos asociados á actividade, e a incorporación de innovacións tecnolóxicas e novas formas de explotación dos recursos do territorio en que se executa o proxecto.

2. C carácter innovador do proxecto	
CRITERIOS	MAXIMO
2.1 Actividade innovadora: nos produtos e servizos locais(1)	Ata 10 Pts
2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC	Ata 10 Pts
Puntuación máxima neste apartado	20 Pts

(1) verificarase a existencia ou non da actividade ou servizos con informes municipais.

2.1 Actividade innovadora nos produtos e servizos locais:

- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de entidade singular, 2,5 puntos*

- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de parroquia, 5 puntos*

- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de municipio, 8 puntos*

- *Os produtos resultantes ou servizos que se prestan non existen a nivel de territorio do GDR, 10 puntos*

2.2 Uso de fontes de enerxía renovables e ou incorporación de TIC

Valorase en función da porcentaxe que supoña este investimento sobre o custo total do proxecto subvencionable

- *7% ou máis e menos dun 15% , 1 punto*
- *15% ou mais e menos dun 25%, 2 puntos*
- *25% ou mais e menos dun 35%, 3 puntos*
- *35% ou mais e menos dun 45%, 4 puntos*
- *45 % ou mais, 5 puntos*

Utilización de recursos endóxenos da zona

Teranse en conta que os recursos humanos sexan da zona, e que os inputs (recursos materiais) sexan tamén adquiridos a empresas e entidades da zona



3. Utilización de recursos endógenos da zona	
CRITERIOS	MAXIMO
3.1 Proxectos que poñan en valor recursos de carácter público	Ata 5 Pts
3.2 Utilización de recursos humanos do territorio	Ata 5 Pts
3.3 Utilización de inputs procedentes de empresas do territorio	Ata 5 Pts
Puntuación máxima neste apartado	15 Pts

3.1 Proxectos que poñan en valor recursos de carácter público

- *Proxectos de rehabilitación de inmobles ou conxuntos arquitectónicos para uso público, e que repercutan na mellora dos servizos nas entidades singulares de poboación, ou na prestación dun servizo público; 5 puntos*

- *Proxectos de posta en valor de áreas e espazos para actividades lúdicas, 3 puntos*

3.2 Utilización de recursos humanos do territorio; para a execución do proxecto empreganse traballadores do territorio.

Mídense as UTAs empregadas na execución do proxecto, que correspondan a persoas empadroadas no territorio.

(*) As UTAs serán valorables cando acaden como mínimo un 0,25.

- *A totalidade dos traballadores son do territorio do GDR, 5 puntos*
- *O 50% ou máis, dos traballadores son do territorio do GDR, 2,5 puntos*
- *O 20% ou máis dos traballadores son do territorio do GDR, 1 punto*

3.3 Utilización de inputs procedentes de empresas do territorio

Mídese o grao de utilización de empresas locais (con sede no territorio) na execución do proxecto, mediante a porcentaxe que supón o uso de inputs de empresas locais sobre a inversión subvencionable.

- *10% ou mais e menos dun 20% , 1 punto*
- *20% ou mais e menos dun 40%, 2 puntos*
- *40% ou mais e menos dun 60%, 3 puntos*
- *60% ou mais e menos dun 80%, 4 puntos*
- *80 % ou mais, 5 puntos*



Igualdade de oportunidades; valoraranse os proxectos que sexan postos en marcha por xente xoven ou mulleres, tratase dunha discriminación positiva que pretende animar a mulleres e xovenes a vincularse ó territorio. Tamén proxectos que den oportunidade de ter acceso a servizos ós pequenos núcleos sen servizos.

4. Igualdade de oportunidades	
CRITERIOS	MAXIMO
4.1 Proxectos promovidos por asociacións de colectivos desfavorecidos	Ata 5 Pts
4.2 Proxectos de servizos a implantar nun núcleo no que non existe o servizo	Ata 5 Pts
Puntuación máxima neste apartado	10 Pts

(3) Considéranse os colectivos desfavorecidos con meirande incidencia na zona, os xóvenes sen formación, parados de longa duración, persoas anciáns ou con discapacidades e outros recoñecidos pola administración.

4.1 Proxectos promovidos por asociacións de colectivos desfavorecidos

- *Proxectos de asociacións que teñan como obxecto social a defensa dos intereses dos colectivos desfavorecidos; 5 puntos*
- *Proxectos de asociacións que teñan maioría de socios de colectivos desfavorecidos: 4 puntos.*
- *Proxectos de asociacións de colectivos desfavorecidos con ámbito de actuación local, dentro do territorio: 3 puntos*
- *Outras asociacións de colectivos desfavorecidos; 1 punto*

4.2 Proxectos de servizos a implantar nunha entidade singular no que non existe o servizo. Segundo a dificultade de acceso ó servizo.

(*) A existencia ou non do servizo acreditarase cun informe do concello.

- *Existe un servizo igual ou similar na parroquia; 1 punto*
- *Existe un servizo igual ou similar no concello, 2,5 puntos*
- *Non existe o servizo igual ou similar en ningunha entidade singular do municipio, 5 puntos*



Incidencia sobre a identidade territorial un dos factores clave na EDLP é que se traballe para favorecer unha imaxe de marca do territorio, asociadas ós valores naturais e medioambiental, por tanto debe ter un reflexo nos baremos de puntuación de proxectos.

5. Incidencia sobre a identidade territorial	
CRITERIOS	MAXIMO
5.1 Proxectos que favorezan a posta en valor de forma conxunta de recursos do territorio	Ata 10 Pts
5.2 Proxectos de creación de plataformas de apoio á venda conxunta de servizos e produtos cunha imaxe de calidade diferenciada	Ata 10 Pts
Puntuación máxima neste apartado	20 Pts

5.1 Proxectos que favorezan a posta en valor de forma conxunta de recursos do territorio

- *Proxectos nos que se cree unha estrutura agrupada entre concellos ou outras entidades para aproveitar recursos do territorio, 10 puntos*

- *Proxectos individuais que se demostre que foron consensuados con outras entidades para dar lugar a accións de posta en valor de recursos que exceden o ámbito territorial do municipio ou entidade promotora ; 5 puntos*

Impacto sobre os principais sectores do territorio; a EDLP definiu os principais sectores nos que se considera que deben concurrir máis a incidencia das axudas LEADER.

6. Incidencia sobre os sectores estratexicos	
CRITERIOS	MAXIMO
6.1 Proxectos de actividades vinculadas á mellora da calidade de vida dos habitantes en entidades singulares onde non existan	Ata 5 Pts
6.2 Proxectos vinculados ó desenvolvemento das marcas de calidade territorial	Ata 5 Pts
6.3 Proxectos vinculados á xeración conxunta de actividades de ocio e de aproveitamento de recursos turísticos	Ata 5 Ptos.
Puntuación máxima neste apartado	15 Pts



6.1 Proxectos de actividades vinculadas á mellora da calidade de vida dos habitantes en entidades singulares onde non existan.

(*) A existencia ou non do servizo acreditarase cun informe do concello.

- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de 2 km ou menos, 1 punto.

- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de 5 km ou menos, 2 puntos.

- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de 8 km ou menos, 3 puntos.

- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de 10 km ou menos, 4 puntos.

- Os servizos similares máis próximos atópanse nun radio de mais de 10 km, 5 puntos.



LIMITACIÓN S SECTORIAS

O GDR 3 emprazase nunha das comarcas máis desfavorecidas de Galicia, na que a carencia de servizos é moi acusada, como se demostra no análise de sectores de actividade.

- Establecementos turísticos, e actividades económicas do sector da hostalería; son xacementos de emprego no territorio tanto a nivel de creación de prazas como a nivel de creación de actividades complementarias. A EDLP, non contempla limitacións ó sector, estarase ó que regule o convenio entre AGADER.
- Sector servizos, a comarca en xeral é deficitaria en servizos, en consecuencia non se poñen limitacións a subvencionar investimentos, considerase elixible todo o territorio. Establecese nos baremos de puntuación unha asignación, de xeito que nos lugares nos que xa exista ese servizo, os proxectos levarán menor puntuación que onde non exista o servizo que se vai por en marcha. Na estratexia contemplase o apoio a actividades de nova creación, ampliación ou modernización.
- Comercio polo miúdo, a comarca en xeral é deficitaria en servizos de comercio de proximidade, en consecuencia non se poñen limitacións a subvencionar investimentos, considerase elixible todo o territorio. Establecese nos baremos de puntuación unha asignación, de xeito que nos lugares nos que xa exista ese servizo, os proxectos levarán menor puntuación que onde non exista o servizo que se vai por en marcha. Na estratexia contemplase o apoio a actividades de nova creación, ampliación ou modernización. Estarán excluídas as implantacións, melloras ou modernización dos establecementos das grandes cadeas de supermercados. Considéranse especialmente



elixibles neste apartado comercios especializados en produtos locais, artesáns, ecolóxicos ou de calidade diferenciada.

- Os equipamentos en centros de servizos sociais considéranse elixibles en todas as aldeas ca excepción dos lugares nos que existan instalacións de encontro veciñal. Quedan excluídas todas as cabeceiras de cada Concello ou vilas importantes, nas que exista casa da cultura, biblioteca, local social ou similar. En todos os núcleos de poboación nos que non hai ningunha infraestrutura de lugares de encontro veciñal estarán incluídas, particularmente se supoñen a recuperación de edificios singulares, de valor social como as antigas escolas ou de valor patrimonial. *Por exemplo o concello de Ribeira de Piquín ten manifestado a necesidade de converter o colexio en centro social xa que non existe ningún cento no municipio. O concello de Baleira ten posto de manifesto o interese nas antigas escolas unitarias de Millares, A Lastra, Corneas e Retizós.*



ANEXOS. TABOAS:

TAXAS DE EVOLUCION INTERANUAL DA POBOACION POR PARROQUIA



TAXA DE EVOLUCION INTERANUAL DA POBOACION POR PARROQUIA

INEbase

Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional a 1 de enero

Municipio	Unidad Poblacional	Año 2015			Año 2001			TAXA
		Población	Hombres	Mujeres	Población	Hombres	Mujeres	
004 Baleira	010000 BRAÑA (A) (SAN MIGUEL)	62	33	29	90	49	41	-31,11%
004 Baleira	020000 CÓRNEAS (SANTIAGO)	230	125	105	302	159	143	-23,84%
004 Baleira	030000 CUBILLEDO (SANTIAGO)	89	49	40	158	79	79	-43,67%
004 Baleira	040000 DEGOLADA (A) (SAN LOURENZO)	28	14	14	37	16	21	-24,32%
004 Baleira	050000 ESPERELA (A) (SAN PEDRO)	302	152	150	358	192	166	-15,64%
004 Baleira	060000 FONTANEIRA (A) (SANTIAGO)	101	54	47	160	86	74	-36,88%
004 Baleira	070000 FONTEO (SANTA MARÍA)	57	31	26	71	35	36	-19,72%
004 Baleira	080000 LASTRA (A) (SAN XOÁN)	68	43	25	94	52	42	-27,66%
004 Baleira	090000 LIBRÁN (SANTA MARIÑA)	143	78	65	169	95	74	-15,38%
004 Baleira	100000 MARTÍN (SANTIAGO)	87	42	45	167	74	93	-47,90%
004 Baleira	110000 POUSADA (SAN LOURENZO)	127	65	62	170	83	87	-25,29%
004 Baleira	120000 RETIZÓS (SANTA MARÍA MADANELA)	86	43	43	112	58	54	-23,21%



TASA DE EVOLUCION INTERANUAL DE LA POBLACION POR PARROQUIA

INEbase

Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional a 1 de enero
